

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁ, BARRIOS, OBRAS E RELACIÓNS VECIÑAIS PARA EXPLICAR AS LIÑAS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE OBRAS NO PERÍODO RESTANTE DE MANDATO.

O luns 21 de novembro o Boletín Oficial da Provincia publicaba unha reestructuración do goberno local na que o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, lle retiraba ao concelleiro Javier Fernández as competencias sobre os centros socioculturais e atribuíallas á primeira tenente de alcalde, Mercedes Rosón.

O alcalde reiterou que este cambio buscaba "reforzar e mellorar o máximo posible" a área de Obras, que tamén xestionaba Fernández, porque é un "tema central para a cidade". Así mesmo, xustificou que os fondos europeos e a tesourería do Concello obrigan a axilizar os prazos de execución das obras en 2023. Posteriormente, nesa mesma mañá, Javier Fernández presentaba a súa dimisión como integrante do goberno local.

Ao día seguinte o alcalde anunciou a segunda remodelación do goberno, en só dous días, indicando que o concelleiro Gonzalo Muíños asumía as competencias en Relacións Veciñais, Barrios e Obras, ao tempo que mantiña as de Mobilidade e Seguridade Cidadá, con excepción do Servizo municipal de Extinción de Incendios e de Protección Civil.

Tendo en conta todo o anterior, SOLICITAMOS A COMPARECENCIA do concelleiro responsable de Obras para que explique:

- Que actuacións pendentes, e que prazos de execución manexa o concelleiro de Obras para o que queda de mandato municipal?
- Que obras considera o Goberno que están "en perigo" no caso de que non se axilien os prazos?
- Que actuacións considera prioritarias e poderá executar antes da fin do mandato, e cal das que o seu goberno ten pendentes ou comprometeu recentemente non vai poder executar?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2022

María Rozas Pérez

Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO